

Decreto 58/2022, do 15 de maio, polo que se establece a estrutura orgánica da Xunta de Galicia.

Última versión

Elixido e investido polo Parlamento de Galicia dos poderes propios do presidente da Xunta de Galicia, segundo o Estatuto de autonomía, conforme o disposto nos artigos 15 e 18 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa Presidencia, en virtude das atribucións que me confire o artigo 26.1 do mesmo texto legal para crear, modificar ou suprimir mediante decreto as vicepresidencias e consellerías da Xunta de Galicia, e tendo en conta os criterios de eficacia e economía que deben inspirar a actuación e a organización administrativa,

DISPOÑO:

Artigo 1

A Xunta de Galicia estará integrada polas vicepresidencias e consellerías que a seguir se relacionan:

- Vicepresidencia Primeira e Consellería de Economía, Industria e Innovación.
- Vicepresidencia Segunda e Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes.
- Consellería de Facenda e Administración Pública.
- Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda.
- Consellería de Infraestruturas e Mobilidade.
- Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades.
- Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade.
- Consellería de Sanidade.
- Consellería de Política Social e Xuventude.
- Consellería do Medio Rural.
- Consellería do Mar.

Artigo 2

A orde de prelación das consellerías manterase segundo o establecido no artigo anterior.



Disposición transitoria

Mentres non se proceda ao desenvolvemento da estrutura contida neste decreto, os órganos superiores e de dirección existentes manterán a súa estrutura e funcións.

Disposición derogatoria

Quedan derogadas cantas disposicións de igual ou inferior rango se opoñan ao disposto neste decreto.

Disposición derradeira primeira

O Consello da Xunta determinará a estrutura orgánica das vicepresidencias e das consellerías previstas neste decreto.

Disposición derradeira segunda

A Consellería de Facenda e Administración Pública realizará as modificacións e habilitacións orzamentarias precisas para o cumprimento do previsto neste decreto.

Disposición derradeira terceira

Este decreto entrará en vigor o mesmo día da súa publicación no Diario Oficial de Galicia.

Santiago de Compostela, quince de maio de dous mil vinte e dous

Alfonso Rueda Valenzuela

Presidente

